



SESTRAMA 09 S L
Barreiro, 3 Peiteiros.
36389 - Gondomar (Pontevedra)

RESOLUCIÓN de inscrición de transportista de residuos non perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia

Expediente núm.: 2013-PO-I-00323

Técnico: MBC

En relación coa solicitude presentada por **Jesús Mariño Fontán**, como representante legal da empresa **SESTRAMA 09, S.L.** (CIF: **B27728492**), con domicilio social en **BARREIRO Nº3 PEITEIROS (36389) - GONDOMAR (PONTEVEDRA)**, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciou o correspondente procedemento tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- O día 01-10-2013 entrou no rexistro desta xefatura territorial o escrito da devandita entidade no que solicita a inscrición como transportista de residuos non perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Segundo.- De conformidade co disposto no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, no expediente consta:

- A identificación da actividade realizada.
- A declaración responsable de que os vehículos empregados cumpren en materia de transporte.
- O aboamento da correspondente taxa administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, someten a comunicación previa ao órgano administrativo autonómico competente en materia de ambiente a actividade que se vai desenvolver.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos en Galicia e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, regula a rastrexabilidade dos residuos en Galicia.

De conformidade co establecido no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento, é competente para resolver este procedemento a Xefatura Territorial de Pontevedra.

Por todo o anterior, a Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no exercicio das competencias que ten atribuídas, **RESOLVE**:

Primeiro.- Inscibir como **transportista de residuos non perigosos** á entidade **SESTRAMA 09, S.L.** (CIF: **B27728492**), con domicilio social en **BARREIRO Nº3 PEITEIROS (36389) - GONDOMAR (PONTEVEDRA)**, no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número **PO-I-NP-TP- 00023**.

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 17/10/2013 09:10:56

SAÍDA 131582 / RX 649996





Segundo.-

Habilitar á devandita entidade para realizar a actividade de recollida e transporte de residuos non perigosos de orixe industrial, independentemente do vehículo empregado e dos códigos LER transportados, sempre e cando entren na categoría descrita.

O titular queda suxeito no desenvolvemento da súa actividade ao cumprimento das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira.- Condicionantes xerais.

A entidade titular deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

A recollida e o transporte dos residuos deberá realizarse cos medios e as condicións axeitadas á natureza do residuo e conforme coa normativa de transporte por estrada, adoptando as medidas necesarias para que o transporte se realice en condicións de seguridade e hixiene.

Segunda.- Modificacións da actividade.

Calquera modificación da actividade deberá ser comunicada a este centro directivo no prazo máximo dun mes desde a data en que se produza.

Terceira.- Outras autorizacións e licenzas.

A inscrición desta entidade como Transportista Profesional de Industriais no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia practícase sen prexuízo das demais licenzas e autorizacións esixidas polo ordenamento xurídico para exercer esta actividade.


Cuarta.- Consecuencias do incumprimento das obrigas.

O incumprimento dos termos desta resolución ou da normativa de aplicación poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada perante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Mediante este escrito notifícase esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

PONTEVEDRA, 14 de Outubro de 2013



Jose Luís Díez Yáñez

Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra